



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Información pública cesión de parcela a VIPUGAL para a construción de vivendas de promoción pública

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2025, acordou aprobar inicialmente a cesión gratuíta á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia da parcela integrada no Patrimonio Municipal do Concello de Teo que se detalla a continuación, para a construción de vivendas de promoción pública:

- Parcela SAUR-2 (URB. As Galanas)

Localización: rua Cernadelo, núm. 12, As Galanas-Calo, Teo (A Coruña)

Superficie: 1.985,10 m²

Referencia catastral: 3523105NH3432S0001LP

Segundo o exposto e de acordo cos artigos 110.1 f) do RBEL e 83 da LPAC, sométese o expediente a información pública, mediante publicación de anuncio no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 20 días, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

O acordo estará así mesmo a disposición das persoas interesadas no portal de transparencia (<https://teo.gal/gl>) e na sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/>).

No caso de que non se presentara ningunha alegación, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, facéndose así publico no BOP da Coruña.

O expediente atópase a disposición das persoas interesadas no departamento de Secretaría do Concello de Teo, de luns a venres, en horario de 08:00 a 15:00 hs.

Teo, 30 de xaneiro de 2025

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2025/585